



MATERIA	ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO
PROFESORES	Ana Tato Álvarez Cristina Domínguez Arufe Roberto Pérez Cancela

1	A COMUNICACIÓN	Esta unidade centrarase no acto comunicativo, nos textos (tipos, características, propiedades; comprensión e creación), nas redes sociais e medios de comunicación e na busca e selección de información, detectando a desinformación e os usos discriminatorios da linguaxe.
2	AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES	Esta unidade centrarase na análise do plurilingüismo, nas linguas de España e nos dialectos, fixándose especialmente, no galego e no castelán.
3	O FUNCIONAMENTO DA LINGUA	Esta unidade centrarase na análise dos elementos da lingua oral e da lingua escrita: signos de puntuación, fonoloxía e ortografía, a función e a forma das palabras (especialmente do pronome e do verbos), o vocabulario, as oracións (funcións na oración simple e a oración coordinada)... Aproveitarémonos, para iso, do manexo de dicionarios, manuais e recursos tecnolóxicos.
4	OS TEXTOS LITERARIOS. A LITERATURA DENDE A IDADE MEDIA Ó SÉCULO XIX	Esta unidade centrarase no achegamento ós textos da literatura universal, española e galega destes períodos (ó seu contexto, ás correntes, ós autores): na súa lectura e na súa dramatización; na súa análise (fixándonos tamén o tratamento do xénero e do medioambiente); na creación de textos literarios propios.
5	EUROPA, ESPAÑA E GALICIA: DENDE A IDADE MODERNA Ó SÉCULO XIX	Esta unidade centrarase nos feitos e cambios máis relevantes deste periodo, buscando as conexións co presente.
6	O ESPAZO NATURAL. A ECONOMÍA. A DEMOGRAFÍA E A ORGANIZACIÓN POLÍTICA. GALICIA, ESPAÑA E A UNIÓN EUROPEA	Esta unidade servirá como base para tratar a emerxencia climática, o desenvolvemento sustentable, o reto demográfico, as migracións, o sexismo e o ordenamento xurídico no que nos movemos.
7	FANTASTIC PEOPLE / QUI SE RESSEMBLE S'ASSEMBLE	Inglés: Vocabulario: familia e nacionalidades. Gramática: Pronomes e adxectivos. Verbo to be, Caso posesivo. can. Adverbios de modo. Have got. Producción oral: saudar e presentar a persoas.

		<p>Producción escrita: Descrición dunha persoa.</p> <p>Francés:</p> <p>Gramática: avoir mal au / à la / à l' / aux, os verbos POUVOIR e VOULOIR. Aller au / à la / à l' / aux, venir du / de la / de l' / des, os verbos Aller au / à la / à l' / aux, venir du / de la / de l' / des</p> <p>Vocabulario: Adxectivos para describir partes do corpo. A cidade: lugares, itinerarios, profesións, actividades e ocio.</p> <p>Producción escrita: Describir fisicamente a unha persoa ou a un animal, informarse sobre a identidade de alguén, expresar o que se sente.</p> <p>Producción oral: Indicar un itinerario, indicar a onde se vai e de onde se vén.</p>
8	<p>IT'S DELICIOUS! LES COMMERÇANTS DE MON QUARTIER</p>	<p>Inglés</p> <p>Vocabulario: comidas e bebidas.</p> <p>Gramática: There is/there are. Nomes contables e incontables. Cuantificadores.</p> <p>Producción oral: Unha conversa sobre comprar ou pedir comida nun reastaurante..</p> <p>Producción escrita: Unha receita.</p> <p>Producción escrita: Un día na túa vida, con rutinas.</p> <p>Francés</p> <p>Gramática: Os adxectivos posesivos (varios poseedores), Je voudrais..... (fórmula de cortesía), o futuro próximo, o imperativo (afirmativo e negativo) e os pronomes COD, a cantidade.</p> <p>Vocabulario: Compras e tendas de alimentación, os alimentos (1), as receitas.</p> <p>Producción escrita: Facer unha receita (precisar cantidades)</p> <p>Producción oral : Falar da súa casa, describir súa habitación</p>
9	<p>EVERY DAY / AGATHE A DES INVITÉS</p>	<p>Inglés</p> <p>Vocabulario: actividades e rutinas diarias.</p> <p>Gramática: Presente simple.</p> <p>Producción oral: Falar sobre o que che gusta e o que non che gusta.</p> <p>Producción escrita: A rutina diaria na túa vida.</p> <p>Francés:</p> <p>Gramática: O pronome EN, o passé composé, formación e auxiliares: participios pasados en [e], [i], [y] e o futuro simple: formación e verbos irregulares.</p> <p>Vocabulario: Os utensilios na mesa, expresións de tempo (frecuencia), os alimentos (2)</p> <p>Producción escrita: Falar de accións cotiás et contar anécdotas en pasado e falar dos seus proxectos futuros.</p> <p>Producción oral: Pedir comida nun restaurante.</p>

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As seis primeiras unidades, relativas ós CINCO PRIMEIROS BLOQUES DO ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL, contarán un 75% para a nota final do ámbito. As unidades correspondentes as materias de Francés ou Inglés contarán o restante 25% según corresponda.

En cada avaliación, estes cinco bloques serán cualificados do xeito que segue:

1. PROBAS ESCRITAS

En cada avaliación faranse un número non determinado de probas obxectivas de coñecementos puntuadas sobre dez puntos. A temporalización desas probas dependerá das necesidades que presente o alumnado no día a día, das áreas dentro do ámbito e do volume de contidos. Todas as probas que se realicen farán media aritmética entre elas.

En cada trimestre haberá tamén unha obra de lectura avaliable en lingua galega e outra en lingua castelá sobre a que se fará unha proba escrita (ou oral nalgún caso específico). Serán probas cualificadas sobre dez puntos nas que se valorará non só a lectura da obra, senón tamén a comprensión da mesma e a corrección na expresión oral e/ou escrita na exposición. As obras serán obras de literatura xuvenil de libre elección por parte do alumnado dos fondos da biblioteca escolar do centro.

Dada a importancia da ortografía e a presentación, nas diferentes probas escritas que o alumno irá realizando ao longo do curso, aplicaranse os seguintes descontos (ata un máximo de dous puntos):

- desconto de 0'10 puntos por cada erro en ortografía,
- desconto de 0'05 por cada erro na acentuación,
- desconto de 0'10 por cada erro de tipo ortotipográfico (incorrecto uso de comiñas, guións, subliñado de títulos...)
- desconto de 0'10 puntos por marxes incorrectas.

Cando un alumno non se presente a unha proba terá que presentar un xustificante.

Asimesmo, é evidente que unha falta de disciplina no que atinxe á realización dun exame (copiar, falar, saír fóra da aula coñecendo o contido da proba, entrar a destempo sen xustificación, empregar o móbil etc.) fará que o alumno sexa obxecto de sanción, que non se avalíe a proba constando unha cualificación de cero puntos.

2. OBSERVACIÓN DO TRABALLO DIARIO

a. **Observación na aula:** aquí consignarase a comunicación oral na aula e a participación en clase (en debates, postas en común, exercicios...), así como as tarefas diarias escritas realizadas dentro e fóra da aula. O uso da correcta expresión oral e o traballo diario escrito serán obxecto permanente de avaliación.

b. **Traballos individuais:** poden ser monografías, resumos, esquemas, diagramas, traballos de investigación e documentación ou textos escritos de calquera índole

(comentarios literarios, redacións, mapas...). As actividades e/ou traballos presentados despois da data indicada non se cualificarán.

VALORACIÓN DESTES INSTRUMENTOS DE AVALUACIÓN

Os instrumentos de avaliación que acabamos de describir serán considerados do seguinte xeito para calcular a nota de cada un dos trimestres:

- 60% da nota: a nota media das probas escritas de contidos.
- 10% de la nota: as probas da lectura avaliable.
- 10% de la nota: exposicións orais.
- 20% de la nota: os traballos individuais e a observación na aula, xa descritos.

A nota obtida tras o cálculo destas porcentaxes será redondeada cara o seguinte número enteiro só nos casos nos que se supere o medio punto, a excepción do caso do catro, no que haberá que acadar o catro setenta e cinco para obter o cinco, que supón o aprobado da avaliación.

AVALIACIÓN FINAL

Tras a realización das tres avaliacións, a nota final calcularase realizando a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha delas. O cálculo farase coas cualificacións reais obtidas en cada avaliación, sen ter en conta o redondeo aplicado.

A partir desta media, para obter a nota final, aproximarase cara o seguinte número enteiro nos casos nos que se supere o medio punto; esta aproximación tamén se fará nos casos nos que haxa que facer a recuperación que se describe a continuación.

As unidades restantes, relativas ó bloque de COMUNICACIÓN EN LINGUA ESTRANXEIRA, contarán un 25% para a nota.

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva. Cada trimestre/avaliación terá un peso diferente na cualificación final:

- O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
- O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
- O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación por avaliacións conformarase coa seguinte ponderación:

1. COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS (probas escritas de vocabulario, gramática, funcións): **40%**

Instrumentos de avaliación: preguntas de completar, preguntas de relacionar, oracións para transformar.

2. COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): **10%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

3. COMPRENSIÓN ORAL (CA 1.1): **10%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

4.PRODUCCIÓN ESCRITA (CA 1.4 + CA 1.5): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5.PRODUCCIÓN ORAL (CA 1.3+ CA 1.6 + CA 1.7):15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. TRABALLO DIARIO (controis, redaccións, intervencións orais na clase) + PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA 2.1, + CA 2.2 + CA 2.3) , E INTERCULTURALIDADE (CA 3.1 + CA 3.2 + CA 3.3): 10%

Instrumentos de avaliación:

- Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar. (controis)
- Folla de rexistro / guía de corrección . (redaccións e intervencións orais de clase)
- Folla de rexistro. (Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe, e interculturalidade)

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos que NAS SEIS PRIMEIRAS UNIDADES non acaden unha cualificación positiva nos tres trimestres terán que facer unha proba de coñecementos de recuperación en xuño que terá as seguintes características:

- unha proba global para os alumnos que teñan suspensas as 3 avaliacións. A nota acadada na mesma, tendo en conta a valoración indicada en cada unha das preguntas do exame, suporá o 100 % da nota de xuño obtida polo alumno como avaliación ordinaria.
- probas de carácter parcial por trimestres segundo as avaliacións suspensas do alumno. A nota destas probas -unha ou dúas segundo as avaliacións non superadas- substituirá á nota suspenso á hora de achar a nota media que lle corresponderá ao alumno na súa avaliación ordinaria.

Excepcionalmente, non terán que realizar ningunha das probas de recuperación final que acabamos de describir aqueles alumnos que non tendo superada algunha avaliación a súa nota media dos tres trimestres supere os cinco puntos enteiros, sen facer ningún tipo de aproximación desde o catro.

Nestas probas manteranse todos os criterios expostos anteriormente sobre ortografía e presentación.